

Cando as folerpas son de acibeche

Rosa Aneiros

¡Silvia, Silviña, cala a boquiña!

Naquel tempo, estirado na memoria ata a extenuación, ela odiaba só tres cousas: os chicles de fresa ácida, os pelos marelos que soltaba o gato Brais e mais as chanzas do Xabier. Sempre se metía con ela para facela rabear. Xabier era o seu irmán, en realidade a única persoa no seu mundo de soidades infantís rodeada de poucos adultos e un gran zoolóxico de bechos que nunca lle falaban. El leváballe varias cuartas na coordenada do espacio e quince anos na coordenada do tempo. Sen embargo, e malia o que poidan evidenciar as ecuacións, o seu $x-i$ afectivo equivalía a un $x = i+1$. A suma dun enteiro a unha das partes na igualdade matemática vén xustificada pola absoluta necesidade de Silvia de aumentar doses de cariño na súa minguada vida. Xabier era o único capaz de ofrecerlle enteiros de agarimo mediante o mecanismo máxico da súa voz inzada de asubíos adolescentes. As súas fantásticas historias roubadas á memoria dos vellos e á marea de imaxinación substituían, na mente da pequena, todas as lagoas da soidade frustrada. Pero antes de cada conto, regalado a calquera hora do día, iniciábase a súa particular lideira. Xabier facíaa rabear e Silvia choraba con impos falsos e miradas de esguello que a traizoaban. Facíalle crer que ela sentía que non a quería. Adoita pasar. Namentres un establece regras de xogo que os contrincantes aceptan, non existe terxiversación posible do resultado. Silvia sabía que el a adoraba, claro que o sabía, pero prefería simular que non, a ver se nas esmolos do cariño lle caía algunha larpeirada. A compaixón de Xabier adoitaba vir cargada de chicles de todos os sabores intuíbles. Agás de fresa ácida, por suposto.

Era unha relación demasiado madura para unha nena de cinco anos. Érao. Pero ninguén dixo que Silvia fose unha cativa común senón mais ben unha adulta constrinxida nun corpo infantil. Ás veces mesmo semellaba que era incapaz de se mover naquel habitáculo de carne e auga. Quedáballe pequeno. Como cando as acolescentes tentan recuperar a roupa de cativas para negar a evolución do seu propio aspecto físico nun intento banal por negar a necesaria evolución da idade. Para refuxiarse no paraíso da infancia. Para fuxir. Silvia actuaba xustamente ó contrario. Ela non quería ser pequena. Ela quería ser grande para superar as murallas da infancia e non sentirse soa. Para non ter que aceptar as ordes dos adultos e o silencio do gando. Para que alguén lle falase de igual a igual. Grande, coma Xabier.

Xabier comezou a ir ó mar ós dezaséis anos. A economía familiar non daba para máis alegrías e ante o silencio estridente da nai, o mozo abandonou o instituto. Disque quería pesiños no peto para mercar unha montesa e mais a homía que só outorga pagar unha ronda no bar. Silvia non comprendía aquelas olladas longas coma o sol de agosto. Ir á marea. Qué divertido. O mar. Qué grande. Sen embargo e incomprensiblemente, unha tatuaxe das dos chicles pegóuselle ós pulsos. Tiña a forma dos golfos pardos, esas cintas tan suaves e tan pesadas que enredan nas pernas. Estaba moi fría e, coma a artrite, doíalle nos cambios do tempo. Non llo dixo a ninguén, pero a Silvia a calcomanía doíalle cando viraba o mar. Mesmo estaba segura de que aquela mancha viñera nun chicle de fresa ácida. A nena calou, naquelas lagarteiras de setembro, o seu medo e mais a súa fascinación polas singraduras diarias de Xabier.

Todas as mañás erguía alertada polo son dos tombos no peitoril da fiestra. As dedas da espuma botaban fóra o sono de Pedro Chosco, que mergullaban no océano do esquecemento coa luz do día. Gustáballe almorzar con Xabier e despedilo dende a porta co seu sorriso de gradicela estampado no medio do rostro. O corpo de neopreno do irmán espetaba garfos no camiño da ribeira, unha sorte de chichariño. Para saber por onde regresar do mar. Para facer o camiño. Para regresar. Silvia corría ó cuarto para enxergalo un pouco máis. E aquel marchaba inevitablemente cara ó infinito, arrastrado polo imán atávico das profundidades.

¡Silvia, Silviloca, tráioche unha baralloca!
¡Silvia, Silviña, mira unhas sardiñas!
¡Silvia, Silvagota, media ducia de maragotas!

Coñecería esa voz no cabo do mundo. Tamén é certo que a seguiría coma a Hamelin ó mesmo inferno. Silvia pendurábaselle da catcha e mais do saco das roupas para revisar todos os tesouros capturados no fondo do océano. Non lle deixaba entrar na casa antes de abrazar os polbos xelatinosos, o veludo das nécoras, o encaixe dos merlóns, a prata fría dos ollomoles.

¡Silvia, Silvañoca vai collerme unhas miñocas!

E a nena tornaba o fociño con amargor. Non lle gustaban as chanzas de Xabier. Cando el marchaba de novo para a vila, Silvia rosmaba. Outra vez soa. Outra vez os adultos atafegados que nin a vían ó pasar e os animais mudos que non sabían contar historias. Tiña ciumes do mesmo aire que Xabier respiraba, do vento que o traía e o levaba polo carreiro adiante, das ondas que acochaban o seu traballo. O único bo que tiñan as súas saídas é que, no regreso, sempre había un chicle da taberna para ela. De menta. De clorofila. De cola. De limón. Con cromo. Con calcomanía. Todos, menos de fresa ácida. Odiábaos. Iso, os pelos do gato Brais e mais as chanzas de Xabier cando quería facela rabear. Cando a trataba coma unha nena.

Aquela pequena de corpo diminuto e sabedoría azul quedaba ben afastada do raciocinio supostamente adulto dos que a rodeaban. No seu leito de algas, xabre e tramallos pardos, Silvia acubillou todos os personaxes das historias que Xabier, ás agochadas dos vellos, lle traía do fondo do mar. O irmán faloulle da Maruxaina -¡que medo!, pensou Silvia-; das sereas de cola longa e canto seductor -¡que envexa!, dixo ela-; da galleta de Neptuno na que pinchaba os escarapotes, os meros e mais os camaróns para agasallar ós mariñeiros nun pincho de media mañá -¡que barbaro! teimou Silvia-; dos centos de cabaliños de mar que danzan con chimpos xeitosos nos exércitos das profundidades -¡que bonito!, suspirou a nena. Todas as aventuras que el lle relataba servían para alimentar os xogos cos seus amigos invisibles: Charo, a medusa laranxa e Bull, un cangrexo negro que salvara da morte por amargo.

¡Silvia, Silvola, conteiche outra trola!

Daquela Silvia sabía que algún adulto estaba a punto de descubrir o seu segredo e por iso Xabier lle chiscaba un ollo e cambiaba de tema de conversa. Pero rabeaba igual. Iniciaban o eterno xogo con exactitude matemática. Silvia aparentaba chorar e Xabier

sempre picaba no anzó do sentimentalismo. Brillaba coma un merlón atordado na asfixia do osíxeno pálido. A gradicela do rostro da nena rexoubaba máis ca nunca.

Xabier avisouna con moita seriedade antes de marchar naquel amencer escuro de invernía.

¡Silvia, Silverpa, gárdame unha folerpa!

A nena abriu os seus ollos de avelaiona canto puido. Non quixo dicirlle ó seu irmán que non sabía de que lle falaba e suspirou con certo aire interesante:

-A ver se me acordo.

Cando a media mañá o ceo virou branco, o ruído de fóra arrebolouna da bilbaína, onde abrazaba con Brais os soños dos días de calor e xogos na eira. Ficou abraiada ante aquel universo de luz e xeadas. Non se enxergaba a corredoira da casa e a cabana dos apeiros estaba totalmente cuberta por un manto xélido. Silvia non o pensou dúas veces e saíu. Estaba descalza de pé e perna e así, sen máis abrigo cá súa sorpresa, botouse ó campeiro. Ía frío, moitísimo frío debaixo daquela sementeira de zucre moído. Igualiño que o que a súa nai botaba nas roscas do Entroido. Quixo atrapar algún daqueles algodóns pero ardeulle nas dedas e a queimadura deixou sen sangue a metade da man. Tanto lle tivo. Nas pequenas cuncas denegridas colleu unha présa branca e nun tris tras zorregoulla a Brais, quen a fitaba arrepiado dende a porta de dobre folla do alpendre.

Ficara enfeitizada con aquilo tan doce que o impregnaba todo. E ría. E ría. E ría. A que se referiría Xabier co das folerpas: se a todo aquilo branco, se a unha présa de xeo, se a unha pinguiña con forma de estrela de Nadal. E como caía, bailando a pares co vento do mar, seguíndose mecánicamente unhas a outras nunha carreira sen adiantamentos por chegar á meta do chan onde esfariñaban. Con dignidade. Con orgullo na caída estrepitosa cara ó abismo da herba. Silvia colleu un brazado de neve e meteuno na cabana. Para Xabier. Para que vise as folerpas ó regresar porque seguro que no mar non había neve. Carretou canto xeo puido cara ó galpón dos apeiros. Fixo unha montaña máis grande ca ela e perchouna con chave. Ata a volta de Xabier da marea.

Encarnada polo frío e polas lapas do corazón, Silvia envorcou na eira de neve e envolveu o seu corpo estreito no frío polar da soidade infantil. Se unha voz feminina non a termase polas orellas e non a metese na bañeira, probablemente se convertería no boneco de neve e xeo que non soubo facer. Que ninguén lle dixo que se podía facer con aquel material branco tan húmido e tan pudoroso.

Silvia agardou. Agardou infinitamente cos olliños espantados na noite nevada. Sen embargo, e por moito que agardou, Xabier non volveu. O silencio níveo das folerpas precipitándose en cachoeira na súa mirada ocupou todo o eco do seu retorno. E cando a foi buscar, a montaña de neve da cabana quedara reducida a un océano de auga doce. Naquel mar afundiou Xabier sen deixar rastro do seu paso. No rodopío marcharon as súas chanzas tamén. E as sereas de cola longa e cantos sedutores. E Neptuno coa súa galleta. E as ninfas. E o exército de cabaliños de mar. E as bolboretas con as de escama. E as medusas ridoiras. E Charo. E Bull.

Silvia odiou as folerpas que lle roubaron ó irmán. Silvia odiou tamén o mar que o levou. Ós seus cinco anos foi moito odiar.

¡Silvia, Silvia, mira o ceo! ¡Está a nevar! ¡Son folerpas ben grandes!

Daquela Silvia, enzoufada en chapapote ollou o ceo e chorou por primeira vez. Levaba sesenta días na ribeira arrincando o fuel das penas coa alma esgazada naquelas mareas turbias. Dende que na mesma fiestra na que as dedas de espuma a espertaban de nena un petroleiro enferruxado lle botara o alento da morte, Silvia non deixara de traballar. Agarrada a unha fortaleza descoñecida, aquela muller de trinta anos de salitre marchara ás praias para borrar a pegada sanguiñolenta e putrefacta da marea negra. Fíxoo con afouteza e sen queixas. Con xenreira e sen laiarse polo esforzo físico. Con desesperación e sen descanso. Para Silvia, como para milleiros de persoas, non houbo opción posible. Ela afrontouno con enteireza insólita.

Ningún o entendeu entón, ou quixo entendelo. Sen embargo, cando as folerpas comezaron a caer suavemente aquela mañá de xaneiro no lombo dun océano de fuel, a muller de argazo esfarelou. Con dor e sen vergoña. Con xenreira e sen pudor. Con desesperación e sen descanso. Alí no medio e medio do coído de acibeche, coas mans graxentas e os dedos engoumados polo frío, coa alma espetada no traxe anticontaminación e co cheiro a xofre tatuado nos poros da pel, Silvia chorou mares de soidade. Aconteceu cando as primeiras folerpas apousaron maimiñas no ventre dos cons, naquela paisaxe erma de plataforma petrolífera. Ía frío, moitísimo frío e Silvia pensou na montaña de neve que pechara na cabana tantos anos atrás. Entendeu entón o inútil da súa tarefa, do seu esforzo, da súa teima. Xabier nunca volvería. Levaba sesenta días na ribeira arrincando chapapote cando o único que tentaba limpar era a pegada fonda do seu irmán naquel corazón miúdo. E chorou como choraría a nena que nunca foi.

O vento, nun refacho maldito, pousoulle unha folerpa na boca. Sóubolle a chicle de fresa ácida.

Escrito en 2002